

EXERCICIOS AUTOAVALIABLES DE APOIO

1.- Contesta o máis brevemente as seguintes cuestións

1. Que entendemos por sector secundario? Que actividades comprende?
2. Explica os usos das materias primas minerais e das fontes de enerxía.
3. É importante a produción mineira en España? Como é a balanza comercial? Que minerais son os máis importados e cales os máis exportados?
4. Que é unha fonte de enerxía? Como as clasificamos?
5. Que quere dicir dependencia e desequilibrio enerxético? Prodúcese en España este feito? Por que? Que porcentaxe consúmese na actualidade de cada tipo de enerxía no sistema enerxético español?
6. Que características xeomorfolóxicas, climáticas e hidrolóxicas son necesarias para a produción de enerxía hidroeléctrica? Tomando como referencia o anterior: que áreas xeográficas da península Ibérica son as máis propicias para a produción desta enerxía?
7. Cales son as fontes de enerxía eléctrica? Que porcentaxe aportan ao sistema eléctrico español?
8. Canta enerxía eléctrica xérase en Galicia? De que fontes de enerxía primaria procede?
9. Que obxectivos marca a política enerxética en España para o 2010?
10. Cales foron os motivos do atraso da industrialización en España?
11. Que foi e cando tivo lugar a política autárquica en España? Como incidiu na industrialización?
12. Cales son os factores de localización da industria? Poden modificarse en función do desenvolvemento tecnolóxico?
13. Que beneficios aportou o INI á industria española?
14. En que consistiron o Plan de Estabilización (1957-1959), os plans de desenvolvemento e a lei de Reconversión e Reindustrialización (1983)?
15. Elabora un eixo cronolóxico do século XVIII ao XX e anota nel os momentos máis importantes do proceso de industrialización.
16. Cita as principais rexións industriais de España na actualidade.

2.- Coloca no oco correspondente o tipo de rochedo e as áreas onde predomina

Rochas e minerais: Ferro e Pírita / Granito / Chumbo / Cinc / Mármore / Mercurio / Sal Mariño / Cobre / Calcaria / Estaño / Volframio / Xeso / Caolín / Arxilas especiais / Sal Xema / Cuarzo / Lousa /.

Localización: citar a comunidade autónoma na que se localice.

Usos: industria siderúrxica, acumuladores de enerxía, protección contra a corrosión atmosférica, industria e material eléctrico, instrumentos de precisión, pilas, pinturas, aliaxes metálicas, industria química, industria mecánica, carburo, ferroalixe, cerámica, papel, insecticidas, industria alimentaria, produtos fitosanitarios, construción, cristais, óptica, industria de precisión.

MINERAIS E ROCHAS	PRINCIPAIS MINERAIS E ROCHAS	CC_AA NAS QUE SE LOCALIZA	PRINCIPAIS USOS
Minerais metálicos			
Minerais non metálicos			
Rochas industriais			

3.-Despois de ler as definicións propostas tenta buscar o termo definido

Cambio das actividades industriais nunha área xeográfica, rexión ou país debido ós cambios tecnolóxicos nos procesos produtivos ou no cambio da demanda de bens e servizos _____

Actividade industrial relacionada coa transformación dos produtos agrícolas, gandeiros, actividade forestal e pesca, en produtos elaborados. Esta industria pode promover o desenvolvemento endógeno _____

A fusión ou absorción de empresas é _____. Se a fusión ou absorción de empresas que realizan a mesma actividade a denominamos _____. Polo contrario se a fusión ou absorción de empresas de diferentes actividades pero que están relacionadas entre si dentro do proceso produtivo chámase _____

Proceso polo que algunhas empresas, xeralmente _____ multinacionais, trasladan os seus centros de traballo de países desenvoltos a países con menores custos denomínase _____.

Produción de series curtas de artigos diferentes a prezos rendibles denomínase _____. Nace do avance como resultado do avance tecnolóxico da terceira revolución industrial.

Industria de transformación de materias primas en produtos elaborados destinados a outras industrias non o consumidor final é _____

Industria de transformación ou elaboración de instrumentos ou maquinaria necesaria para outras empresas, fábricas ou empresas relacionadas con transporte colectivo ou de mercancías como por exemplo estaleiros, material ferroviario, fábrica de teares... denomínase _____

Industria de transformación destinada ao consumidor final _____.

Industria que consume poucas materias primas e que gasta relativamente pouca enerxía na transformación. Esta actividade está ligada coa industria de bens de consumo ou aquelas empresas de alto desenvolvemento tecnolóxico asociadas ó I+D+i. _____

Industria que consume moita materia prima e enerxía na transformación. Esta actividade está ligada coa industria de base ou bens de equipo. _____

Espazo físico de produción industrial que ten as seguintes características: mantemento de relacións formais e operativas coas universidades, centros de investigación e outras institucións de educación superior ou media (ciclos formativos). Diseñado para alentar a formación e o crecemento de empresas baseadas no coñecemento e de outras organizacións de alto valor engadido pertencentes ó sector terciario, normalmente residentes no propio ámbito. Pose un organismo estable de xestión que impulsa a transferencia de tecnoloxía e fomenta a innovación entre empresas e organizacións usuarias é un _____.

Compañía (fundamentalmente unha entidade financeira) que controla parte un totalmente o capital de empresas en varios sectores de actividade é un _____

Tipo de enerxía obtida da transformación das fontes de **enerxía primaria** en forma de enerxía adaptada para ser utilizada: electricidade, derivados do petróleo denomínase _____.

Enerxía xerada a partir da reacción de elementos fisionables como os isótopos dos átomos de uranio na que se desprende gran cantidade de calor que a súa vez quenta ao auga que impulsa as turbinas que moven grandes xeradores eléctricos denomínase _____.

Aquela enerxía que pode suplir ás enerxías actuais ou convencionais (como o carbón, petróleo) que son ilimitadas e non contaminantes denomínanse _____.

As iniciais asociadas á investigación, desenvolvemento e innovación. Toda sociedade, país ou empresa avanzada que quere prosperar economicamente debe invertir nestes aspectos para modernizarse tecnoloxicamente _____.

4.- Completa a seguinte táboa sobre combustibles fósiles:

COMBUSTIBLE	Definición	Localización	Usos	% de importación e países importadores
Carbón				
Petróleo				
Gas natural				

5. Observa a seguinte táboa sobre a evolución da minería do carbón. Que sucedeu nos últimos anos? Que conclusións podemos sacar? Cales foron os motivos?

PRODUCCIÓN DE CARBÓN			
ANO	MINAS	MILES DE TONELADAS	MINEIROS
1990	234	19.320	45.212
2005	28	12.100	8.284

6.- Completa a seguinte táboa sobre as tres fases da revolución industrial:

FASES	1ª	2ª	3ª
Cronoloxía			
Principais países que se incorporan			
Fontes de enerxía			
Materias primas Inventos clave			
Sectores industriais			
Medios de transporte Organización do traballo			
Capital			
Organización obreira			

7.- Completa a seguinte táboa indicando os sectores afectados pola reconversión industrial en 1984. Tendo en conta os datos da táboa. Cres que a reconversión industrial foi eficaz nas áreas afectadas? Por que?

ÁREA INDUSTRIAL	SECTOR AFECTADO	INVESTIEMENTOS (millóns de €)	% SUBVENCION	PROXECTOS	EMPREGO
FERROL		72	20-23%	34	791
VIGO		82	15-20%	96	1324
ASTURIAS		131	15-20%	101	1619
NERVIÓN		322	15-20%	104	2901
BARCELONA		757	10-15%	275	8054
MADRID		490	15-20%	72	4241
BAÍA DE CÁDIZ		187	10-15%	39	1406

RESPOSTAS

Exercicio 1

1. Sector que se dedica á **transformación de materias primas** en produtos elaborados ou semielaborados. **Minería**, produción de **fontes de enerxía**, **industria** e **construción** son actividades que forman parte deste sector.
2. As **materias primas** utilízanse para a transformación en produtos manufacturados ou semielaborados por parte da industria. As **fontes de enerxía** son o elemento clave para poder exercer esa transformación.
3. Actualmente a actividade mineira española é pouco importante a súa balanza comercial é polo tanto negativa (impórtase máis do que se exporta). Entre os minerais importados destacan sobre todo os metálicos (porque non hai reservas ou por que non son rendibles): bauxita, cobre, ferro... Tamén impórtanse minerais non metálicos como os fosfatos e rochas industriais. No capítulo de exportacións destacan os minerais non metálicos como as potasas ou as rochas industriais (granito, lousas ou mármore).
4. Recursos que proporcionan a forza necesaria para levar a cabo un traballo. Enerxía primaria ou final, renovable ou non renovable, convencional ou alternativa, contaminante ou contaminante.
5. **Desequilibrio** enerxético significa que consumimos máis enerxía da que somos capaces de producir. Por **dependencia** enerxética entendemos a necesidade de importar doutros países enerxía para poder realizar as actividades económicas. En España se produce este feito por varios factores entre os que destacan a falta de reservas enerxéticas e a escaseza no aforro enerxético (eficiencia enerxética). España só autoabastécese do 21% do que consume. A fonte de enerxía máis utilizada é o petróleo (48%) seguida do gas natural (21,3%), carbón (13,4%), fisión nuclear (9,7%), hidráulica (1,5%) e o resto de renovables (5,7%).
6. Forte desnivel, encaixamento, rochedo duro e impermeable, precipitacións abundantes e regulares durante todo o ano. A España con predominio de clima oceánico, montañosa e predominio de materias silíceas como o granito: Galicia, parte occidental da conca do Duero, cornixa cantábrica e Pireneos.
7. As fontes primarias para a produción de enerxía eléctrica en España son a termoeléctrica convencional a partir de combustibles fósiles que aporta a metade da produción de enerxía eléctrica, a nuclear que aporta ao redor do 20% a hidráulica un 10% e o resto de enerxías renovables, especialmente o carbón un 13%.
8. Máis do 10% da produción enerxética de España xérase en Galicia. Procede sobre todo da produción térmica, hidráulica e eólica. En menor medida da biomasa ou da coxeración ou dos residuos sólidos urbanos.
9. Tres son as directrices: o plan enerxético nacional (PEN), plan de fomento de enerxías renovables (PER) e directrices da Unión Europea en resumo e sintetizando os seus obxectivos son: abastecemento seguro, aforro enerxético (eficiencia enerxética), liberalizar o mercado interior da enerxía, reducir o impacto ambiental. Ter un criterio de diversificación enerxética, incrementando o uso do gas natural e reducindo os outros combustibles fósiles, Incrementar a produción termoeléctrica de ciclo combinado utilizando o gas natural. Mantemento no mesmo nivel de centrais nucleares e incrementar as enerxías renovables fundamentalmente a eólica coa finalidade que estas últimas satisfagan polo menos o 12% da demanda para o ano 2010.

10. Falta dunha clase dirixente emprendedora: burguesía, guerras no 1/3 do XIX, fracaso na transformación agraria (desamortización), escaso poder adquisitivo das rendas campesiñas, falta dun mercado interior relacionado co fracaso da revolución dos transportes (ferrocarril), perda colonial 1810-1824, escaseza de materias primas e fontes de enerxía que a lei de Minas de 1868 poñerá en man dos intereses do capital estranxeiro, Atraso tecnolóxico.
11. A política autárquica desenvolveuse en España entre 1939 e 1959. Política de autosuficiencia económica que se basea nos recursos propios e que evita acudir ao comercio exterior. Isto provocou un lento crecemento da actividade industrial, o bloqueo económico dos países estranxeiros motivou a falta de materias primas, combustibles e ocasionou pobreza e a baixa capacidade adquisitiva da poboación.
12. Son variados en función do tipo de actividade e a evolución tecnolóxica do sistema productivo. A industria básica tende a localizarse onde están as materias primas, as fontes de enerxía ou nos portos. A de bens de consumo, en cambio, perto das grandes concentracións urbanas de poboación. A innovación tecnolóxica actual tende a descentralizar a actividade industrial (en varios centros) e os criterios son as boas comunicacións e a cualificación da man de obra.
13. O Instituto Nacional de Industria (INI) (holding público), foi creado durante o franquismo en 1941 coa finalidade de impulsar a política autárquica e o

crecemento da industria en sectores que non gozaban de investimento do capital privado debido aos grandes investimentos que requirían e aos escasos beneficios que obtiñan pero que se consideraban estratéxicos dentro da economía como a siderurxia, construción naval, hidrocarburos, petroquímica ou automóbil. Como consecuencia da reconversión industrial este holding estatal foi liquidado en 1995 e a maioría das empresas privatizadas.

14. O **Plan de Estabilización** (1957-1959), consistiu en liquidar o modelo da política autárquica e liberalizar a economía. Isto permitiu a importación de bens de equipo, tecnoloxía e recursos procedentes do estranxeiro para modernizar a industria e incrementar ao mesmo tempo a produción. Como aspecto negativo este plan foi responsable, en parte, do crecemento da emigración en España. Os **plans de desenvolvemento** (1964-67, 1969-71, 1972-75) intentaron atraer a industria a aquelas áreas pouco industrializadas como o caso de Galicia, interior peninsular ou Andalucía o seu éxito foi relativo. a **lei de Reconversión e Reindustrialización** (1983) intentou modificar a actividade industrial de sectores maduros e deficitarios por outros dinámicos e rendibles.

INDUSTRIALIZACIÓN			
1832	Fábrica téxtil de Bonaplata en Barcelona que utiliza a máquina de vapor (Gran Bretaña, 1790)	1914-1918	I Guerra mundial Neutralidade. Impulso ao desenvolvemento industrial
1842	Primeira fábrica en Tolosa (Guipúzcoa) de papel continuo. (Francia 1798)	1923-1929	Ditadura de Primo de Rivera. Crecemento da industria. E produción enerxética: hidráulica. Nace a CAMPSA.
1848	1º alto forno de coque en Trubia (Asturias) 1º tramo de ferrocarril: Barcelona-Mataró	1929	Crise económica Estancamento de actividade industrial
1855	"La Maquinista Terrestre Marítima" en Barcelona. Industria mecánica.	1936-1939	Guerra Civil. Paralización de actividade.
1857	Crease Banco de Bilbao. Inversión industrial.	1939-1959	Autarquía
1860-1870	Concentración da industria laneira en Sabadell-Terrasa e Béjar (Salamanca)	1941	Nace o INI
1865	Exportación do ferro de Vizcaya e carbón de Asturias. Nace a siderurxia vascongada.	1957-1959	Plan de Estabilización. Liberalización económica. Entrada de capital e tecnoloxía estranxeira.
1873	Primeira central eléctrica. Barcelona.	1964-1975	Plans de desenvolvementos. Polos de desenvolvemento.
1900	"Altos Hornos y Fábricas de"	1975-	Crise enerxética e

15.

16. **Eixe do Mediterráneo, o val do Ebro e Madrid;** onde se concentra o 60% da actividade industrial, o eixo industrial en declive corresponde á **cornixa cantábrica** e o **eixe atlántico galego** e as áreas de baleiro sitúase fundamentalmente (a excepción de Madrid) polo interior peninsular e Andalucía.

Exercicio 2

MINERAIS ROCHAS	PRINCIPAIS MINERAIS E ROCHAS	CC_AA NAS QUE SE LOCALIZA	PRINCIPAIS USOS
Minerais metálicos	FERRO E PIRITA	País Vasco, Andalucía, Murcia e C. Mancha.	Industria Siderúrxica.
	CHUMBO	Galicia, Andalucía, Murcia e Cantabria.	Acumuladores de enerxía.
	CINC	Galicia, Cantabria, Murcia e Andalucía.	Aliaxes, protectores de corrosión atmosférica, industria eléctrica.
	MERCURIO	Castela A Mancha.	Instrumentos de precisión, pilas e pinturas.
	COBRE ESTAÑO	Galicia e Andalucía. Galicia, Castela-León, Extremadura e País Vasco.	Material eléctrico. Industria eléctrica, química e mecánica.
	VOLFRAMIO	Galicia, Extremadura	Carburo, ferroalixes e material eléctrico.
Minerais non metálicos	SALES POTÁSICOS CAOLÍN	Cataluña e Navarra. Galicia, Asturias, Castela a Mancha, C. Valenciana, Aragón.	Industria química. Cerámica, papel e insecticidas.
	SAL MARIÑO	C. Valenciana, Cataluña, Canarias, Baleares, Murcia e Andalucía. Madrid, Castela A Mancha,	Industria química e alimentaria.
	ARXILAS ESPECIAIS	Extremadura, Andalucía e Baleares.	Produtos fitosanitarios, industria química e construción.
	SAL XEMA	Andalucía, Asturias, Aragón e C. Valenciana.	Industria química e alimentaria.
	CUARZO	Galicia, País Vasco, Asturias, Cantabria, C. León, C. A Mancha	Cristais, óptica e industria de precisión.
Rochas industriais	LOUSA	Galicia, Castela León Extremadura.	Utilízanse en xeral na construción.
	CALCARIA	Andalucía, Castela A Mancha, Asturias, Cataluña, C. Valenciana, Canarias, Murcia, Aragón e Navarra.	
	GRANITO	Galicia, Extremadura, Cataluña, Andalucía, Castela A Mancha e Castela León.	
	MÁRMORE	Cataluña, Andalucía, Castela León, Murcia, C. Valenciana e Baleares.	
	XESO	Cataluña, C. Valenciana, Castela León, Castela A Mancha, Murcia, Andalucía, Extremadura, Asturias, La Rioja.	

Exercicio 3

Cambio das actividades industriais nunha área xeográfica, rexión ou país debido ós cambios tecnolóxicos nos procesos produtivos ou no cambio da demanda de bens e servizos RECONVERSIÓN INDUSTRIAL

Actividade industrial relacionada coa transformación dos produtos agrícolas, gandeiros, actividade forestal e pesca, en produtos elaborados. Esta industria pode promover o desenvolvemento endógeno AGROINDUSTRIA

A fusión ou absorción de empresas é CONCENTRACIÓN EMPRESARIAL. Se a fusión ou absorción de empresas que realizan a mesma actividade a denominamos HORIZONTAL. Polo contrario se a fusión ou absorción de empresas de diferentes actividades pero que están relacionadas entre si dentro do proceso produtivo chámase VERTICAL.

Proceso polo que algunhas empresas, xeralmente multinacionais, trasladan os seus centros de traballo de países desenvolto a países con menores custos denomínase DESLOCALIZACIÓN.

Producción de series curtas de artigos diferentes a prezos rendibles denomínase ECONOMÍA DE GAMA. Nace do avance como resultado do avance tecnolóxico da terceira revolución industrial.

Industria de transformación de materias primas en produtos elaborados destinados a outras industrias non o consumidor final é BÁSICA.

Industria de transformación ou elaboración de instrumentos ou maquinaria necesaria para outras empresas, fábricas ou empresas relacionadas con transporte colectivo ou de mercancías como por exemplo estaleiros, material ferroviario, fábrica de teares... denomínase INDUSTRIA DE BENS DE EQUIPO.

Industria de transformación destinada ao consumidor final denomínase INDUSTRIA DE BENS DE CONSUMO.

Industria que consume poucas materias primas e que gasta relativamente pouca enerxía na transformación. Esta actividade está ligada coa industria de bens de consumo ou aquelas empresas de alto desenvolvemento tecnolóxico asociadas ó I+D+i. INDUSTRIA LIXEIRA.

Industria que consume moita materia prima e enerxía na transformación. Esta actividade está ligada coa industria de base ou bens de equipo. INDUSTRIA DE BASE.

Espazo físico de produción industrial que ten as seguintes características: mantemento de relacións formais e operativas coas universidades, centros de investigación e outras institucións de educación superior ou media (ciclos formativos). Diseñado para alentar a formación e o crecemento de empresas baseadas no coñecemento e de outras organizacións de alto valor engadido pertencentes ó sector terciario, normalmente residentes no propio ámbito. Pose un organismo estable de xestión que impulsa a transferencia de tecnoloxía e fomenta a innovación entre empresas e organizacións usuarias é un PARQUE TECNOLÓXICO.

Compañía (fundamentalmente unha entidade financeira) que controla parte ou totalmente o capital de empresas en varios sectores de actividade é un HOLDING.

Tipo de enerxía obtida da transformación das fontes de **enerxía primaria** en forma de enerxía adaptada para ser utilizada: electricidade, derivados do petróleo denomínase ENERXÍA FINAL ou FORMA DE ENERXÍA.

Enerxía xerada a partir da reacción de elementos fisionables como os isótopos dos átomos de uranio na que se desprende gran cantidade de calor que a súa vez quenta

ao auga que impulsa as turbinas que moven grandes xeradores eléctricos denomínase **ENERXÍA NUCLEAR**.

Aquela enerxía que pode suplir ás enerxías actuais ou convencionais (como o carbón, petróleo) que son ilimitadas e non contaminantes denomínanse **RENOVABLE** ou **ALTERNATIVA**.

As iniciais asociadas á investigación, desenvolvemento e innovación. Toda sociedade, país ou empresa avanzada que quere prosperar economicamente debe investir nestes aspectos para modernizarse tecnoloxicamente son **I+D+i**.

Exercicio 4.

COMBUSTIBLE	Definición	Localización	Usos	% de importación e países importadores
Carbón	Rocha sedimentaria fósil e combustible, formada pola acumulación de restos vexetais. Os tipos de carbón poden ser antracita, hulla e turba. O coque é un carbón destilado que se utiliza na siderurxia	Conca Astur-leonesa, Serra Morena e Catalano-Aragonesa	Siderurxia Cementeirias Termoeléctricas	69,3% Rusia, Australia, Sudáfrica e Ucraina.
Petróleo	Mestura líquida de hidrocarburos que se atopa no interior da codia terrestre.	Amposta (Tarragona) Ayoluengo (Burgos)	México, Rusia, Nixeria, Libia, Arabia Saudí, Irán 99,7%	Combustible vehículos, domestico Industria, Petroquímica Electricidade
Gas natural	Hidrocarburo gasoso composto por etano e metano que se atopa no interior da codia terrestre.	Golfo de Vizcaya Marismas do Guadalquivir	Alxeria, Nixeria, Qatar, Exipto 99,5%	Doméstico Petroquímica Termoeléctricas Ciclo combinado

Exercicio 5.

PRODUCCIÓN DE CARBÓN			
ANO	MINAS	MILES DE TONELADAS	MINEIROS
1990	234	19.320	45.212
2005	28	12.100	8.284

- a) Unha redución nas explotacións, produción e postos de traballo na minería do carbón.
- b) As conclusión que un pode sacar e que ou ben se esgotaron os recursos desta fonte de enerxía ou non é rendible este tipo de explotación.
- c) Están relacionados co apartado anterior: esgotamento das principais vetas, cada vez queda menos carbón de boa calidade, compensa importalo, falta de subvencións a este tipo de explotacións por parte da UE e a política medioambiental da UE que puxo freo a este tipo de explotación. O descenso é máis significativo no tipo de minas e postos de traballo (relación coa reconversión industrial) que na produción (modificación do modelo tecnolóxico).

Exercicio 6.

FASES	1ª	2ª	3ª
Cronoloxía	Finais do XVIII-mediados do XIX.	1870-1945	1960 á actualidade.
Principais países que se incorporan	Gran Bretaña, Bélxica.	Alemaña, EE_UU, Xapón.	Novos Países Industriais asiáticos, latinoamérica.
Fontes de enerxía	Carbón.	Petróleo, electricidade.	Nuclear, enerxías alternativas.
Materias primas Inventos clave	Ferro, algodón. Máquina de vapor.	Cobre, bauxita, fostatos. Motor de explosión.	Novos materiais. Electrónica, robótica, informática.
Sectores industriais	Téxtil, siderurxia.	Metalurxia, químico, automoción, electrodomésticos	Microelectrónica, robótica, informática.
Medios de transporte Organización do traballo	Ferrocarril, barco de vapor Aparición da fábrica.	Automóvil, avión. Taylorismo e Fordismo.	Non hai novidades. Robotización dos procesos.
Capital	Pequeno e mediano capital	Gran capital. Concentración horizontal e vertical: trust, holding, cartel.	Gran capital.
Organización obreira	Ludismo e aparición dos sindicatos.	Socialismo. Grandes sindicatos.	Crise do modelo socialista. Crise do modelo sindical.

Exercicio 7.

ÁREA INDUSTRIAL	SECTOR AFECTADO	INVESTIEMENTOS (millóns de €)	% SUBVENCION	PROXECTOS	EMPREGO
FERROL	Construción naval	72	20-23%	34	791
VIGO	Construción naval	82	15-20%	96	1324
ASTURIAS	Siderurxia e minería do carbón	131	15-20%	101	1619
NERVIÓN	Siderurxia e construción naval	322	15-20%	104	2901
BARCELONA	Sector téxtil e metalurxia de transformación	757	10-15%	275	8054
MADRID	Sector eléctrico e transformados metálicos	490	15-20%	72	4241
BAÍA DE CÁDIZ	Construción naval	187	10-15%	39	1406

A reconversión foi eficaz en parte, se observamos os proxectos, emprego xerado e o capital investido as mellores áreas foron en Barcelona, Madrid e en menor medida a área da ría do Nervión (gran Bilbao). A forte tradición industrial destas áreas, as vantaxes das externalidades económicas (comunicacións, man de obra cualificada, diversificación do sistema produtivo) beneficiaron.

En cambio, tanto en Ferrol como na Baía de Cádiz e en menor medida Asturias e Vigo os resultados foron pobres ou practicamente nulos.